



## O EMHU vende nun día máis de 13.000 entradas para os espectáculos da súa nova edición

O Encontro Mundial de Humorismo está a piques de pendurar o cartel de “entradas esgotadas” para *La capital del pecado 2.0*, de Juan Dávila, no Coliseum; ao igual que en citas como *Humoris Causa*, *Esto no es un show* ou *Mentes peligrosas*, das que activa novas funcións

A venda de billetes abriuse onte ás 11 horas e tres dos catro tipos de abonos xa están esgotados; mais aínda é posible adquirir as últimas unidades do nomeado ‘Bueno, de lo bueno, lo mejor’

**A Coruña, 23 de decembro de 2023.-** O Encontro Mundial de Humorismo vén de batir un novo récord na súa recente historia: **en tan só 24 horas, o público adquiriu máis de 13.000 entradas** para os espectáculos que se poderán ver na súa nova edición, que terá lugar do 25 de abril ao 5 de maio de 2024 na Coruña. Propostas como *La capital del pecado 2.0*, de Juan Dávila, *Humoris Causa* ou *Esto no es un show*, de Galder Varas, están a piques de pendurar o cartel de “entradas esgotadas”.

O EMHU 2024 activou a venda de billetes onte, venres 22, ás 11.00 horas, a través da páxina [www.emhu.es](http://www.emhu.es) e da plataforma [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com). A alta demanda de entradas en citas como a gala *Humoris Causa* -na que se xuntarán por primeira vez sobre un escenario Goyo Jiménez, Leo Harlem, Luis Piedrahita e Sílvia Abril- ou *Esto no es un show* deu pé a apertura de **novas funcións** nos dous casos; circunstancia que se repite esta mesma mañá, pois o EMHU vén de activar este mediodía unha segunda sesión de *Mentes peligrosas*, que contará con Ana Morgade, Carolina Iglesias, Eva Hache e Henar Álvarez.

A boa acollida da programación do EMHU 2024, que conta co apoio de Estrella Galicia, Concello da Coruña e Xunta de Galicia a través de Turismo de Galicia, veuse reflectida tamén na importante demanda de abonos. Nas primeiras horas do venres 22, esgotáronse os nomeados ‘Bueno’ (60€), ‘Bueno, bueno’ (78€) e ‘Bueno, de lo bueno lo mejor, de lo mejor, lo superior’ (162€). **Este sábado 23 unicamente quedan dispoñibles as últimas unidades dos abonos ‘Bueno, de lo bueno, lo mejor’**(87€), que inclúe o acceso aos espectáculos *Tengo coas para hacer*, *La nueva normalidad*, *La ruina*, *Humoris Causa* e *Fantastic Colofon*.

O EMHU é a cita humorística máis relevante de España tanto polo número de espectadores que reúne en cada edición (máis de 15.000 personas no 2023) como polas múltiples funcións e producións propias que ofrece nun único evento. A programación de pago do EMHU 2024 contará con dez espectáculos que terán lugar en cinco recintos culturais. As sedes serán o **Coliseum**, no que estará Juan Dávila; o **Teatro Colón**, que acollerá boa parte do programa -*Celebreixon*, *Go Home*, *Esto no es un show*, *La nueva normalidad*, *La ruina* e a gala de clausura *Fantastic Colofon*-; o **auditorio do Palexco**, no que se darán cita as *Mentes peligrosas* de Ana Morgade, Carolina Iglesias, Eva Hache e Henar Álvarez; a **sede de Afundación**, na que actuará a arxentina Dalia Gutmann; e o **Pazo da Ópera**, que acollerá o sábado 4 de maio a gala *Humoris Causa*.

Durante 11 xornadas, o humor e a improvisación provocarán o sorriso e o deleite do público grazas a algúns dos espectáculos máis seguidos do momento. É o caso de *La capital del pecado 2.0*, *Mentes peligrosas* ou *Esto no es un show*; mais tamén de producións propias como *Fantastic Colofon* e *Humoris Causa*, citas nas que o EMHU xunta en exclusiva, en cada edición, un elenco de grandes figuras que se atopan, por vez primeira, nun mesmo escenario.



## AVANCE PROGRAMACIÓN EMHU 2024

26/04, 21.00h - Coliseum | *La capital del pecado 2.0*, de Juan Dávila.

27/04, 19.00 e 22.00h - Palexco | *Mentes peligrosas*. Con Ana Morgade, Carolina Iglesias, Eva Hache e Henar Álvarez.

28/04, 20.00h - Teatro Colón | *Celebreixon*, de Roberto Vilar.

01/05, 19.30h - Teatro Colón | *Go Home*. Con David Amor e Josito Porto.

02/05, 20.00 e 22.30h - Teatro Colón | *Esto no es un show*, de Galder Varas.

03/05, 19.00h - Afundación | *Tengo cosas para hacer*, de Dalia Gutmann.

03/05, 21.00h - Teatro Colón | *La nueva normalidad*, de Álex Clavero.

04/05, 12.30h - Teatro Colón | *La ruina*. Con Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes.

04/05, 19.00 e 22.00h - Pazo da Ópera | *Humoris Causa*. Con Goyo Jiménez, Leo Harlem, Luis Piedrahita e Silvia Abril.

05/05, 20.00h - Teatro Colón | *Fantastic Colofon*. Con As R(H)umorosas (Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro), David Cepo, Javier Veiga e Xosé. A. Touriñán.

### Contacto de prensa EMHU 2024

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Acceso á **sala de prensa** de EMHU 2024

Máis información: <https://emhu.es/>